

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO ADDENDA AO CONVENIO DE ADHESIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMOEIRO E A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E DO CARÁCTER NON CONTRACTUAL.

1. Natureza xurídica legal do adenda ao convenio de adhesión como instrumento para a incorporación a unha entidade pública de natureza consorcial

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG, en adiante), no seu artigo 10, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU, en adiante) é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, o devandito artigo legal establece que son membros da APLU a Administración autonómica e os municipios que, voluntariamente, se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a aprobación previa do Pleno da Corporación e da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, e será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Prosegue este artigo legal sinalando que este convenio deberá conter, entre outras materias, a determinación das competencias que se lle atribúen á APLU e as causas de resolución. Así como que a súa vixencia poderá ser indefinida e estenderase desde a adhesión ao consorcio do correspondente municipio ata a súa separación de acordo coas causas establecidas nos estatutos e no respectivo convenio, salvo que nos citados convenios establézase o contrario.

Os estatutos da APLU foron aprobados polo Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 16 de novembro, que regula nos seus artigos 9 e 10 os requisitos para a incorporación de novos municipios como membros da APLU mediante os convenios de adhesión e no artigo 12 as causas de resolución ou perda da condición de membro da APLU.

Dada a natureza de consorcio da APLU, integrada pola administración autonómica e local, debemos ter en conta igualmente a normativa aplicable a este tipo de ente instrumental, que se atopa nos artigos 118 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, os cales teñen carácter de normativa básica, a excepción do artigo 123.2, así como a normativa autonómica constituída esencialmente polos artigos 95 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico.



O artigo 95 deste último texto legal é o que configura aos convenios como o instrumento previsto para constituír os consorcios por parte da Administración da Xunta de Galicia con outras Administracións Públicas.

2. Capacidade xurídica das partes asinantes

O devandito artigo 10 da LSG establece que, por parte da Administración autonómica, o convenio de adhesión debe obter a aprobación da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, á que está adscrita a APLU.

Pola outra banda, o convenio debe obter a aprobación previa do Pleno da Corporación, que debe autorizar á persoa titular da Alcaldía para a súa sinatura.

O Concello de Amoeiro ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 151 e seguintes da LSG.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá a coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

A adhesión produce a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determinan os artigos 209, 210 e 211 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo establézase no convenio de adhesión, e a Axencia exercerá efectivamente estas competencias dende o momento que se determine no convenio de adhesión, estando, en todo caso, condicionada á publicación do mesmo no Diario Oficial de Galicia.

O Concello de Amoeiro delegou as súas competencias na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante, APLU), mediante convenio de adhesión do 16 de abril de 2009, publicado no DOG o día 7 de maio de 2009.

Porén, os cambios normativos acaecidos, especialmente a nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, instauraron en Galicia o réxime de comunicacións previas e licenzas como títulos habilitantes, fronte á tradicional intervención administrativa exclusivamente mediante a licenza como control previo de calquera actuación con contido urbanístico.



3. Finalidade

O presente addenda axústase ao establecido nos Estatutos da APLU, tanto no referente á súa finalidade como ao seu contido mínimo obrigatorio, e ten como finalidade dar resposta ao novo escenario normativo xurdido tras a sinatura do Convenio de adhesión có Concello de Amoeiro, recollendo unha modificación do convenio orixinario co obxectivo de prestar un maior e mellor servizo ao Concello xa adherido por parte da APLU.

O addenda ten natureza administrativa e carácter de convenio interadministrativo de colaboración.

Ambas as dúas partes consideran de mutuo interese que en virtude do establecido no artigo 10 da LSG, a APLU exerza as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados no convenio.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da APLU, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á APLU das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na APLU, nos supostos que determine a lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión.

4. Necesidade e oportunidade

A addenda é o instrumento legalmente previsto para modificar os termos recollidos no convenio de adhesión para os municipios xa adheridos á APLU.

5. Carácter non contractual

Consonte ao establecido nos artigos 4 e 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, os convenios acordados entre entidades de natureza xurídico pública dependentes das Administracións Públicas para o desenvolvemento conxunto das súas funcións de interese público sen ánimo de lucro, son negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación desta lei.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
María Victoria Núñez López

